



CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E VOZ AUDIOVISUAL, S.A.U. PARA A DIVULGACIÓN DAS POLÍTICAS DA CONSELLERÍA NA PREVENCIÓN CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS E PROTECCIÓN DO MONTE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Ordenación Forestal da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, **DECLARA:**

Que esta Consellería do Medio Rural formalizou coa entidade arriba relacionada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura (23 de agosto de 2017) ata o 20 de decembro do 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as liñas de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a entidade VOZ AUDIOVISUAL, S. A. para sensibilizar e concienciar á cidadanía sobre as accións que provocan os incendios forestais e as súas consecuencias, así como a protección do monte. En concreto, na serie “SERRAMOURA” que produce Voz Audiovisual, S.A.U. a empresa realizará nos capítulos 88 a 100, correspondentes a sexta e sétima tempada, accións destinadas a transmisión e difusión de imaxes e mensaxes coa finalidade de concienciar á cidadanía sobre a problemática dos incendios forestais en Galicia. Nos citados capítulos contarase cun mínimo das seguintes presenzas: Logo da Consellería (Xunta) en todos os capítulos, 1 diálogo especial por tempada, 3 transicións de vehículo ou axente forestal por tempada e Enlace á web da Consellería do Medio Rural, dende a web oficial da serie www.serramoura.com

A achega da Consellería do Medio Rural, ata un máximo de vinte e cinco mil euros (25.000,00 Euros) financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.551-B.640.1 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

A produtora Voz Audiovisual, S.A.U. considera do seu interese colaborar coa Administración autonómica galega na concienciación social e formación da poboación cara a prevención dos incendios forestais e protección do monte. A serie “SERRAMOURA” produción en exclusiva de Voz Audiovisual, S.A.U. para TVG, foi o maior éxito de audiencia da ficción galega para televisión.

A Consellería do Medio Rural considera que a colaboración financeira neste convenio incrementará o valor das políticas públicas acometidas pola Administración autonómica en materia forestal.





Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de montes sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Que a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no seu artigo 6.1.m indica que corresponde á Xunta de Galicia, desenvolver campañas e actividades de educación e información para a sensibilización da cidadanía no relativo ao combate dos incendios forestais e á persecución das actividades delituosas ou negligentes que os causan e coordinar a execución destas campañas, con independencia das entidades que as realicen. Esta competencia será exercida polo Consello da Xunta de Galicia e pola consellería competente en materia forestal, nos termos establecidos en dita Lei.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 4.1.d) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector Público. A colaboración financeira da Consellería do Medio Rural neste convenio non terá o carácter de prezo, senón de achega que se realiza para compensar ao medio de comunicación dos gastos nos que incorre como consecuencia da elaboración, planificación, posta en marcha e desenvolvemento da campaña obxecto do convenio. Porén existe unha compensación ou concurso financeiro acordo á actividade ou conduta esixible ao medio de comunicación, sen marxe comercial de ningún tipo. O importe deste contravalor pola prestación que se realiza está fixado utilizando criterios obxectivos adaptados aos que rexen no mercado.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se asinou, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Ordenación Forestal

(asinado dixitalmente)

